ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 1 DE FEBREIRO DE 2016

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día un de febreiro de dous mil dezaseis, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria debidamente convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria Mª Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. Mª Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina Mª Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. Mª Pilar López Martínez, Dna. Mª Alicia I. Cadarso Palau, Dna. Mª José Vega Buján, D.Emilio José Sánchez Iglesias, D.Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Mª Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. Mª Purificacion Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. Mª Isabel García Díaz.

Interventora: Dª Mª Fe González Marquina.

Secretario: D. José Mª Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE DECEMBRO DE 2015.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 28 de decembro de 2015.

PARTE RESOLUTIVA

2. CATÁLOGO DE POSTO DE SEGUNDA ACTIVIDADE PARA INSPECTOR DA POLICÍA LOCAL.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. (Os ditames deste punto e dos dous seguintes proveñen da Comisión celebrada o 4/12/2015, son asuntos que quedaron pendentes en Plenos anteriores). En base a dito ditame e coa supresión dunha das funcións da proposta tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"Previsto no expediente orzamentario de 2016 un posto de segunda actividade na Policía Local, polo pase a esta situación á que ten dereito o Inspector do Corpo deste Concello, tendo en conta como xustificación do acordo que se propón o xa informado pola Secretaría municipal co gallo dun acordo similar anterior, faise unha proposta que foi tratada na Mesa Xeral de negociación, sen oposición por parte da representación dos traballadores presente nela.

Partindo diso, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a catalogación do posto de traballo que se indica nos seguintes termos:

Denominación: POSTO DE SEGUNDA ACTIVIDADE NA POLICÍA LOCAL, EQUIVALENTE EN CATEGORÍA Á DE INSPECTOR DA ESCALA EXECUTIVA.

Funcións de posible desempeño:
- Vixilancia da seguridade dos edificios destinados ás dependencias municipais.
- Xestión e control do mantemento dos medios técnicos que o corpo de policía local utiliza para cumprir coas súas obrigas: vehículos e o material relacionado con eles, sistemas de transmisións e telecomunicacións, vestiario e equipamento.
- Asistencia e apoio a traballos non operativos relacionados coa investigación de accidentes de tráfico e outras actividades relativas á seguridade viaria.
- Tarefas administrativas: atención ao público, apoio na tramitación de licenzas, permisos, autorizacións e sancións administrativas, apoio na análise estatística e nas tarefas informáticas.
- En xeral, todas aquelas actividades técnicas de asesoramento, instrumentais de xestión e apoio da actividade policial ou relacionadas con ela, de características similares ás expresadas nos parágrafos anteriores, sempre que estas non impliquen actuacións policiais operativas.
- Excepcionalmente e motivadamente, cumprimento de funcións operativas da policía local, polo tempo mínimo necesario, cando concorran razóns excepcionais de seguridade cidadá que presenten as dúas circunstancias seguintes: que sexan imprevisibles, que sexan de tal magnitude que non se poidan resolver polos medios policiais operativos ordinarios.

Horario: O xeral aplicable aos funcionarios do Concello. De 8 a 15 horas.

Situación: Posto de segunda actividade incluido no cadro do Corpo da Policía Local de Monforte de Lemos.

Perfil e formación: Os correspondentes a un Policía Local da escala executiva, categoría de inspector.

Retribucións: Grupo A2.

Nivel de Complemento de Destino, 20.

Complemento específico, as cantidades que legalmente correspondan. Cantidade anual para 2016: 25.134,70 €.

SEGUNDO.- O presente acordo entrará en vigor co orzamento de 2016 e estará supeditado a que a súa aprobación definitiva manteña o que figura na aprobación inicial do mesmo."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que lle pregunta ao Sr. Alcalde que significa ese punto do Lois Pereiro entre as funcións do posto. (Refírese á función que figura na proposta ditaminada, antes de "-En xeral,...", que di: *"- Labores de atención ao público propias da Casa da Cultura "Lois Pereiro".*).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que mostra a conformidade do seu Grupo coa 2ª actividade do Inspector da Policía Local. Co elemento introducido da Casa da Cultura "Lois Pereiro", non concordamos, hai cousas máis acordes na Policía Local e na Casa Consistorial. Propoñemos a eliminación dese punto, por ser pouco axeitada esa tarefa.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están de acordo coa proposta e o abano de funcións, pero como din na súa emenda, débese substituír "Lois Pereiro" por instalacións da Policía Local. Ese punto non se adecúa á categoría profesional do funcionario. (A emenda do BNG consiste en substituír o que figura na proposta antes reflectido por: *"Labores de apoio administrativo ao corpo da Policía Local dentro das instalacións da Casa Consistorial, sede oficial da Policía Local do Concello"*).

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que non hai inconveniente en suprimir ese punto. Non se pretendía máis que unha posibilidade, igual que o que está agora de 2ª actividade no Multiusos. Pero non necesariamente ten que ser onde está a Policía Local. Se só é retirar o punto, ningún problema.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que como non hai inconveniente en retiralo, e tamén concorda coa emenda do BNG e co que dixo o PP, a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non se trata de agraviar a ninguén. A diferenza está na cualificación e no rango. Se se retira, apoiámolo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que outro membro da Policía Local, si está no Multiusos, pero temos que ter en conta a cualificación e o rango. O labor é importante dentro da Casa Consistorial, aquí non temos un conserxe. Non se debe só eliminar ese punto, senón recoller o que pon a nosa emenda.

Do Sr. Alcalde, que di que acepta retirar o punto da Casa da Cultura. O resto da proposta é como a que se fixo na outra ocasión. Retírase ese punto e o outro déixase como está.

3. MODIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE O PERSOAL EVENTUAL. APLICACIÓN A ESTE PERSOAL E ÁS DEDICACIÓNS CORPORATIVAS DOS INCREMENTOS RETRIBUTIVOS CORRESPONDENTES AO EMPREGO PÚBLICO.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"No Pleno celebrado o día 25 de xuño de 2015, acordouse o seguinte respecto ao persoal eventual:

"*Determinar, da forma que se expresa, o número, características e retribucións do persoal eventual:*

A) Número: UN

B) Características: Encargado/a do GABINETE DA ALCALDÍA.

C) Retribución: A que figura no expediente do orzamento de 2015 para unha praza similar, 21.505,26 €."

O art. 104.1 da Lei 7/1985 prevé que "*o número, características e retribucións do persoal eventual será determinado polo Pleno de cada Corporación, ao comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais."*

Estando agora no suposto temporal da aprobación do orzamento para o próximo exercicio, tendo en conta o que xa se falou no acordo inicial sobre a modestia da retribución, considérase conveniente un incremento razoable desta para asimilala cando menos a unha praza de administrativo do Concello. Por outra banda, debe aplicárselle a este persoal os incrementos retributivos que se prevean para o persoal das Administracións Públicas, o que tamén se debe estender aos corporativos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial ao cargo, co tope, se fose o caso, da cantidade máxima que a Lei prevé.

En consecuencia, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista), un voto en contra (Grupo de Esperta Monforte) e dez abstencións (Grupos do BNG e do PP), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Determinar, da forma que se expresa, o número, características e retribucións do persoal eventual (sendo este último aspecto o único que se modifica respecto ao acordado ao inicio do mandato):

A) Número.- UN.

B) Características.- Encargado/a do GABINETE DA ALCALDÍA.

C) Retribución.- Asimilada a unha praza de administrativo/a: 26.021,45 € anuais, en catorce pagas, con efectos dende o 1º de xaneiro de 2016.

SEGUNDO.- Tanto ao persoal eventual como aos corporativos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial ao cargo, aplicaraselles o incremento (ou decremento) que se prevea na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal ao servizo do sector público, co límite, para os corporativos, do art. 75.bis da Lei 7/1985, coas cifras establecidas polo Real Decreto-lei 1/2014."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que Esperta Monforte votou en contra deste posto. Vostede (Alcalde) presenta aquí unha subida de salario, cando no seu momento dixo que seria igual que o anterior. Se non estabamos de acordo no primeiro momento, tampouco agora. Co segundo apartado, de acordo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que seguindo co razoado no Pleno de organización, un persoal de confianza debe ter unha retribución digna, concorde coa súa cualificación. Tamén agora abstención, para favorecer o salario digno.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que xa foi tratado no Pleno organizativo. Estivemos a favor o PSOE e o BNG, abstívose o PP e votou en contra Esperta Monforte. Non entendemos por que se nos trae a Pleno este incremento. Ao redor de 34.000 euros, será o custo total. Cita daquel Pleno que *a persoa de gabinete debería ter categoría superior, pero non a ía propoñer.* Non entendemos por que agora o propón.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que naquel momento falouse do que di o PP sobre retribucións acordes coa formación. Naquel momento falouse desta posibilidade de agora.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di á portavoz do BNG que o custo é exactamente de 34.685 euros. Di que non houbo tal anuncio de incremento futuro.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que naquel momento falouse dunha titulación superior, cunha retribución baixa aínda coa de administrativo. Considerando o traballo, parécenos ben este termo intermedio de administrativo. Ímonos abster, igual que ao primeiro, para non dificultar o salario do traballador.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que a acta non pode recoller todo. Pero o audio si recolle todo o que hai e recolle a cita que lle acabo de dicir. Fun un dos portavoces que dixo que non era un gran salario, pero por que unha proposta nova tras cinco meses? Apelando ao pasado, hai case cinco anos, no Pleno organizativo de 2011, vostede (actual Alcalde) dixo non á persoa de gabinete, que conseguimos tela grazas ao

PP. No Pleno organizativo non se anunciou, ainda así imonos abster, pero gustaríame que fose máis coherente o Sr.Alcalde.

Do Sr. Alcalde, que di que si se comentou no Pleno organizativo. Non sei se está gravado o de 2011, entón o PSOE estivo por dedicación do Alcalde e unha persoa de confianza, e o PP, por dedicacións do Alcalde e doutro Concelleiro. (A portavoz do BNG di que se compromente a comprobar o Pleno de 2011).

4. ACORDO DE MODIFICACIÓN DA ACTA DE ADSCRICIÓN DA AULA UNIVERSITARIA DA UNED EN MONFORTE DE LEMOS AO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN LUGO.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"O tempo transcorrido desde que se puxo en marcha unha aula da UNED en Monforte de Lemos, ten mostrado que unha das dificultades interpretativas que ten habido é o carácter da aportación económica que o Concello facía para o mantemento da aula, ao estar sometida en parte a gasto xustificado non cuantificado "a priori".

A modificación agora elaborada ten como principal motivo fixar unha aportación anual de 55.000 euros, que terá a consideración de achega financeira do Concello para que a UNED manteña en Monforte o funcionamento da aula-

Por iso, o Pleno, por dez votos a favor (Grupos Socialista e do BNG –agás a abstención dunha Concelleira deste Grupo-), un voto en contra (Grupo de Esperta Monforte) e seis abstencións (Grupo do PP e Dna. Mª José Vega Buján por ser titora no Centro), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o ACORDO DE MODIFICACIÓN DA ACTA DE ADSCRIPCIÓN DA AULA UNIVERSITARIA DA UNED EN MONFORTE DE LEMOS AO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN LUGO.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do Acordo que se aproba, e para cantos trámites sexan precisos para cumprir coas finalidades do mesmo.

Texto do Acordo que se aproba:

"ANTECEDENTES:

1.- El Aula Universitaria de la UNED en Monforte fue creada por acuerdo de Consejo de Gobierno de la Universidad, con fecha 4 de abril de 2006, siendo adscrita al Centro Asociado de Ou rense.

2.- La creación del Aula Universitaria de la UNED en Monforte se realiza mediante convenio marco de creación de Au las de Enseñanza a Distancia, de Junta de Gobierno del 4 de mayo de 2000, entre el Patronato del Centro Asociado de la UNED en Ourense y el Ayuntamiento de Monforte, de fecha 12 de mayo de 2006, en el que se recogen las cláusulas de obligaciones y compromisos respectivos entre las partes que suscriben el Convenio.

3.- Mediante Convenio de creación del Consorcio del Centro Asociado de la UNED en Lugo, aprobado por Consejo de Gobierno de la Universidad, en su sesión de fecha 20 de diciembre de 2007, el Aula Universitaria de la UNED en Monforte queda adscrita a este Centro Asociado.

4.- Por acuerdo adoptado en Consejo de Gobierno de la UNED, en su sesión de fecha 16 de diciembre de 2008, el Aula Universitaria de Monforte deja de depender, a todos los efectos económicos, académicos y administrativos, orgánicos, estructurales y funcionales, del Centro Asociado de Ourense y pasa a depender, a todos los efectos señalados, del Centro Asociado de la UNED en Lugo.

5.- Con fecha 26 de marzo de 2009, D. José Clemente López Orozco, en representación del Patronato del Centro Asociado de la UNED en Lugo, en su calidad de Presidente, y D. Severino Rodríguez Díaz en representación del Ayuntamiento de Monforte, en su calidad de Alcalde-Presidente, suscriben un Acta de Nueva Adscripción del Aula Universitaria de la UNED en Monforte al Centro Asociado de la UNED en Lugo, por la cual ambas partes asumen todas las obligaciones y compromisos establecidos en el Convenio de creación del Aula de la UNED en Monforte, así como toda vinculación de todo carácter entre ambas partes recogida en sus ESTIPULACIONES, trasladándose todos ellos a la nueva adscripción del Aula al Centro Asociado de Lugo. Este Acta, del que se firman seis copias, se adjunta, junto con el Convenio de Creación del Aula Universitaria de la UNED en Monforte, al Convenio de Constitución del Consorcio Centro Asociado de la UNED en Lugo.

EXPONEN:

I.- Que el Aula Universitaria de la UNED en Monforte de Lemos viene atendiendo desde su creación la enseñanza universitaria a distancia que imparte la UNED para todas aquellas personas residentes en su municipio y entorno, así como la formación continua, de extensión universitaria y desarrollo cultural demandada en su ámbito de influencia, haciendo uso de la tecnología y metodología específicas de la UNED, a través del Centro Asociado de la UNED de Lugo.

II.-Que el Concello de Monforte de Lemos sigue interesado en promover la actividad formativa señalada en el punto anterior dentro de su término municipal.

III.-Que el Concello de Monforte de Lemos está interesado en la revisión del Convenio y Acta de nueva adscripción al Centro Asociado de la UNED de Lugo vigentes, a fin de adecuarlos a la actual situación económica y social que se está viviendo en el municipio, así como respecto de las normativas que le son de aplicación en los niveles autonómico y nacional.

A tal efecto,

ACUERDAN

Revisar el Convenio y modificar el Acta de nueva adscripción vigentes entre Patronato del Centro Asociado de la UNED de Lugo y el Concello de Monforte de Lemos sobre la base de las siguientes

ESTIPULACIONES:

1ª.-El Aula Universitaria de la UNED de Monforte de Lemos, parte integrante del Centro Asociado de la UNED en Lugo y a cuya normativa legal, administrativa y académica debe sujetarse en el desarrollo de sus actividades, incorporará, a efectos de representación, al representante legal del Concello de Monforte de Lemos, con voz y voto, al Patronato del Consorcio Universitario Centro Asociado de la UNED en Lugo.

2ª.-El Aula se ubicará en los locales pertenecientes al Concello de Monforte de Lemos, sitos en la Plaza de España 3. 27400 Monforte de Lemos que han sido autorizados por la UNED. Todo cambio de ubicación del Aula o cualquier actuación que se pretenda realizar en o dentro del inmueble, será oficialmente puesto en conocimiento al director del Centro Asociado. El uso de los locales por la UNED será gratuito y con carácter indefinido. Dicha cesión podrá ser modificada y revocada en cualquier momento, previa denuncia del Convenio y Acta de nueva adscripción por el Concello de Monforte.

3ª.-El Aula llevará a cabo las actividades formativas de todo orden anteriormente señaladas aplicando la tecnología y metodología específicas de la UNED que se programen en el Centro Asociado de la UNED de Lugo destinadas a cubrir las necesidades de formación en el Concello de Monforte de Lemos, las cuales deberán ser aprobadas, para cada curso académico, por el Patronato del Consorcio Universitario Centro Asociado de la UNED en Lugo. Además de estas enseñanzas, el Centro Asociado podrá organizar en el Aula aquellas actividades culturales no regladas que considere convenientes para los alumnos de la Comarca, con cargo a sus propios presupuestos, de acuerdo con las directrices generales aprobadas por el Consejo de Gobierno de la UNED.

4ª.-El Aula contará con el número adecuado de Profesores-Tutores que se determinen para cada curso académico.

5ª.-El Aula deberá contar con los siguientes recursos:

- *Salas para las actividades formativas.*
- *Biblioteca / Sala de lectura.*
- *2 Aulas AVIP.*
- *Aula de Informática.*

Así, el Ayuntamiento se hará cargo del mantenimiento de todo el mobiliario de las instalaciones municipales y el Centro Asociado de la dotación documental, adquisición de material bibliográfico y material audiovisual.

6ª.-El Patronato y la Dirección del Centro Asociado, conscientes del importante servicio que se les exige, se comprometen a adoptar cuantas medidas sean precisas para cumplir con las obligaciones organizativas, administrativas y formativas contraídas en estas Estipulaciones.

7ª.-Por su parte, el Concello de Monforte se hará cargo de los gastos derivados de su mantenimiento. A efectos meramente enunciativos, se citan los siguientes:

- *Un conserje municipal para funciones de apertura, conexiones y cierre de instalaciones.*
- *Uso y mantenimiento del inmueble (agua, electricidad, limpieza del local, recogida de residuos sólidos, etc.).*
- *Mobiliario.*
- *Inmovilizado material (por ejemplo: fotocopiadora, videoconferencia, ordenadores, material de oficina, etc.).*

Asimismo, a modo de compensación por los gastos derivados de su funcionamiento, el Concello de Monforte de Lemos realizará una aportación de 55.000 euros anuales. Dicha cantidad se verá incrementada, para cada ejercicio económico, de acuerdo con el IPC. Igualmente, el Concello de Monforte incrementará dicha partida en el caso de modificación y/o rescisión del contrato del personal de administración y servicios asignados al Aula por la cuantía correspondiente.

8ª.-El Patronato del Centro Asociado incluirá en el Presupuesto anual los gastos del Aula, así como la cantidad que el Concello de Monforte de Lemos debe aportar al mismo.

9ª.-El Concello de Monforte de Lemos se obliga a incluir anualmente en sus Presupuestos la partida necesaria para hacer frente a los gastos del Aula establecidos en la Estipulación 7ª, con las actualizaciones que correspondan

10ª.-La aportación económica del Concello de Monforte de Lemos al Presupuesto del Centro Asociado se hará efectiva por periodos cuatrimestrales (30 de abril, 31 de agosto y 31 de diciembre). El incumplimiento de esta Estipulación podrá implicar la resolución del presente Convenio sin necesidad de la denuncia prevista en la Estipulación siguiente.

11ª.-La denuncia del presente Acta podrá ser realizada por cualquiera de las partes, debiendo ser notificada expresa y fehacientemente con un plazo mínimo de tres meses de antelación. Consecuentemente, efectuada la denuncia, ambas partes seguirán obligadas a cumplir todos y cada uno de sus compromisos hasta la expiración de dicho plazo. Se respetará, en todo caso, la prestación de los servicios formativos a los estudiantes hasta la finalización del correspondiente curso académico.

12ª.-En tanto no se denuncie el Acta, toda disconformidad en la partida presupuestaria de gastos del Aula supondrá la prórroga automática del último presupuesto aprobado."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Do Sr. Alcalde, con carácter inicial, que di que xa se debatira que a data non está ben, será a que se poña trala aprobación deste acordo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a estipulación primeira. Se vostede (Alcalde) ten voz e voto, explique este intento de subida para a UNED. Debería estar xa suficientemente financiada a Aula de Monforte, non sei se con isto hai financiamento a maiores.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se formula un incremento da aportación económica. Gustaríanos ter unha xustificación suficiente,

pero este incremento o que fai é garantir a continuidade deste servizo. Abstención, para facilitalo; pero non a favor, porque debería estar suficientemente xustificado.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están totalmente a favor de seguir mantendo esta aula en Monforte, xestionada polo anterior Alcalde, pero non cos 55.000 euros sen xustificación. Propoñemos a revisión anual do convenio e que se xustifiquen os gastos documentalmente, para saber se esa cantidade se mantén ou se modifica, para arriba ou para abaixo. A membro do Grupo Mª José Vega *vaise abster por formar parte do equipo docente.*

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que é verdade que quen xestionou a Aula foi o anterior Alcalde. Inicialmente, era coa UNED de Ourense, que recibía 60.000 euros. Mantivose máis ou menos iso, e o problema aparece en 2013, coa reforma legal que impide financiar o custo dos titores. A UNED di que lle debemos ao redor de 80.000 euros destes anos atrás. A solución é que pase de subvención a aportación, para evitar os problemas legais. Pediuse relación de custos, e foi o detalle destes o que dá lugar aos 55.000 euros.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que proporía que se lles pasase esa documentación, a facturación das débedas. Que quede aprazado, que se nos pasen as facturas para decidir. Non entendo que o diñeiro público se manexe sen xustificar. De acordo co servizo que presta a UNED, pero igual que con calquera outra organización colaboradora, que xustifique os gastos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que están por favorecer a continuidade do servizo. Di o Alcale que non se podía facer como subvención e vai ser por convenio como aportación. No orzamento figura como subvención. (A Sra. Interventora, a quen se lle dá a palabra tralo dito pola portavoz do PP, di que a aplicación orzamentaria no capítulo 4 non varía, ainda que varíe o réxime xurídico. O problema coa UNED eran as certificacións que presentaba sen facturas, cunha parte de gastos académicos –excluídos pola reforma legal do réxime local- e outra parte de xestión –esta aceptábase-. Agora a aportación é similar ao caso do Eixo Atlántico). Reiterámonos na abstención.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o servizo de Intervención aclare a débeda que di o Sr.Alcalde que hai de atrás. Como era subvención, a verdade é que coa Lei de 2013 non era financiable a docencia. Dito isto, non nos parece mal a transferencia, pero aínda que non sexa obrigatorio, o lóxico é xustificar para saber onde van os nosos cartos. Hai alumnos en número importante, pero débese saber ata onde precisan financiamento. Non debatemos a cantidade, pero si a necesidade de saber. Estamos pola renovación anual do convenio, previa xustificación.

Do Sr. Alcalde, que primeiro dálle a palabra á Sra. Interventora. (A funcionaria di que os da UNED entenden como débeda o que eles din que está pendente, que non é así para o Concello). Di que será o que di a Interventora despois da reforma legal de 2013. A UNED dicía por iso de deixar Monforte, xa co anterior Alcalde. É positivo manter a Aula. Non acepto que manexemos diñeiro público sen xustificación. Un problema serio

cando chegamos é que non se pagaba aos titores, que se solucionou coa perspectiva desta modificación. (A portavoz do BNG pregunta que hai da súa proposta). O convenio é denunciable.

5. SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE BEN DE INTERESE CULTURAL (BIC) PARA O CAMIÑO DE INVERNO A SANTIAGO.

(No debate deste asunto auséntase e reincorpórase Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"A Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra presenta escrito asinado pola súa Presidenta, no que roga que se solicite á Consellería de Cultura a declaración de BIC para o Camiño de Inverno.

A ese efecto, a norma actualmente vixente é a Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, que no seu artigo 9.1 prevé que *"a declaración de ben de interese cultural requirirá a previa incoación e tramitación do expediente administrativo pola Consellería de Cultura. A iniciación do expediente poderase realizar de oficio ou ben por instancia de parte por calquera persoa física ou xurídica"*.

A Asociación que se dirixe ao Concello refírese a unha nova lei, actualmente en trámite, que derrogaría a anteriormente citada, e que no seu anteproxecto, ademais de manter no seu art.16 unha previsión xenérica como a citada da Lei 8/1995, introduce un Título específico para o Camiño de Santiago, que no seu artigo 75.1 di o seguinte: *"As rutas do Camiño de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco terán a consideración de bens de interese cultural.-O resto das rutas do Camiño de Santiago(...)terán a consideración de bens catalogados, coa categoría de territorios históricos, sen prexuízo de que por acordo unánime dos concellos polos que discorre se solicite á consellería competente en materia de patrimonio cultural a incoación da súa declaración como ben de interese cultural"*.

Tanto no marco da lexislación vixente como para cando entre en vigor a nova normativa en tramitación, pola consideración positiva que merece a iniciativa da Asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra,

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a incoación da declaración de BEN DE INTERESE CULTURAL para o CAMIÑO DE INVERNO a Santiago de Compostela."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Do Sr.Alcalde, que di que é unha proposta da Asociación que transmite a Alcaldía.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que se refire a algo recibido do Barco que disente disto. As zonas declaradas BIC teñen repercusións que hai que asumir. Se despois as normas teñen excepcións, hai que sabelo. Isto do Barco debeuse entregar antes.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que hai dous pronunciamentos contrapostos: o da Asociación que se trae a Pleno e o escrito do Barco de Valdeorras. Primeiro hai que recoñecer o traballo que vén facendo a Asociación en pro do Camiño. Estase a piques de ter unha nova lei cultural de Galicia. Nesa normativa, está o Camiño de Inverno. O art. 75 distingue dous tipos de camiños: os BIC "per se" e os bens catalogados, sen prexuízo de que poidan optar a BIC. En previsión disto, a Asociación Ribeira Sacra xa o está adiantando. Xa podía ter sido iniciado coa normativa vixente. A Asociación de Camiños de Santiago por Valdeorras cuestiona esta actuación. Non sei se dada a contradición, que este punto quedase sobre a mesa, porque nesta carta de agora explícase o que suporía o de ser BIC. En principio, salvo que quede pendente, a favor.

Do Sr.Alcalde, que di que o escrito do Barco chegou o venres por correo electrónico. A proposta é a que está no expediente.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que valoran positivamente o traballo da Asociación monfortina non últimos anos, e están a favor deles. Pero descoñecendo se isto que chegou nos debe levar a reflexionar, non sei se o deberíamos deixar pendente. Sen isto novo, a favor; pero non sei se é mellor esperar.

Do Sr.Alcalde, que di que a proposta segue en pé. Isto é unha información que chegou. Seguimos.

De Dna. Marina Douton Rajo, Concelleira de Cultura, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que o primeiro é agradecer o traballo e o esforzo da Asociación. En canto á solicitude que fai, estamos a favor de aprobalo. O escrito de Valdeorras cuestiona o de Monforte, é unha carta informativa sen maior relevancia. Consideramos positivo recoñecer o Camiño como BIC. Hai outra rutas recoñecidas e non coñecemos problemas para eles por iso.

De Dna. Maribel García Díaz, que di estar de acordo con que se valore o Camiño. Pero hai unha aclaración necesaria –le da proposta-: é posible pedir algo para o futuro? O prudente é deixalo sobre a mesa.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lamenta estes desencontros entre asociacións. Deberíamos todos traballar conxuntamente. Sen prexuízo do que poida acontecer no futuro, a iniciativa está ben.

De Dna. Pilar López Martínez, para mostrarse a favor do recoñecemento canto antes.

De Dna. Marina Douton Rajo, que di que o Camiño será catalogado sen necesidade de requirilo. O BIC será tras acordo dos Concellos.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA SOLICITAR MELLORES SERVIZOS FERROVIARIOS PARA MONFORTE E A PROVINCIA DE LUGO.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse Dna.Gloria Mª Prada Rodríguez e D. Iban Torres Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha modificación e varios engadidos tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"Exposición de motivos.

A modernización e extensión da rede ferroviaria en Galicia é unha reivindicación que vén de lonxe. Galicia non conta cunhas infraestruturas e servizos comparables aos doutros territorios, non posúe trens e servizos comercialmente atractivos, nin unha oferta comercial acaída para os viaxeiros. Por riba, nestes últimos anos, o Ministerio de Fomento -en aplicación do seu Plan de Racionalización dos Servizos Ferroviarios-, vén suprimindo diversas liñas por motivos económicos, entre elas a dos trenes nocturnos dos sábados a Madrid e Barcelona. Isto provoca que cada vez hai menos trens e menos servizos atractivos, o que reverte en menos usuarios.

As infraestruturas ferroviarias teñen moito que aportar á mellora das áreas produtivas (e polo tanto ao emprego), así como ás demandas dunha mobilidade máis sostible e medio ambientalmente eficiente. Porén, os Gobernos autonómico e central non fomentan o uso do tren nin teñen en conta a problemática do medio rural, a falta de alternativas nos mesmos percorridos doutros servizos públicos de transporte, nin as necesidades de mobilidade dunha poboación moi envellecida.

Todo o contrario, cada vez encarécese máis (en menos de 7 anos, o tren duplicou o seu prezo). E, no canto de reforzar a estrutura ferroviaria para que tódolos galegos e galegas poidan acceder a un servizo ferroviario de calidade, elimínanse cada vez máis liñas de transporte, facendo imposible moverse por Galicia sen coche, tarefa cada vez máis complexa se atendemos as subidasl e das taxas das autopistas.

Neste contexto galego, xa de por si negativo, sitúase o caso especialmente grave da provincia de Lugo, un territorio esquecido polo Ministerio de Fomento, malia que as

promesas electorais anuncien ciclicamente dotar a Lugo "dun tren propio do século XXI", tal como dixo recentemente a Ministra de Fomento en funcións, Ana Pastor.

A realidade é que Lugo é a única capital de provincia galega que quedou sen estación intermodal nos orzamentos de 2015, e descoñécese que o Ministerio de Fomento teña feito xestión algunha para sacar adiante o seu proxecto, nin para traer o tren de alta velocidade, tal como prometeu a Ministra en funcións e o Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, cando dixo fai 4 anos en Lugo, que si Ministerio non traía o tren de alta Velocidade á Provincia de Lugo que iba traer él como Presidente da Xunta.

Arealidade é que, a provincia Lugo non conta con trens de proximidade competitivos, nin con trens de mercadorías.

Ademais, Lugo só conta cunha conexión diaria con Madrid, no entanto que ciudades como Ourense, con menos poboación, teñen sete.

Por todo o exposto, e ante a situación de marxinalidade na que se atopan os servizos ferriovarios na provincia de Lugo, o Pleno, por once votos a favor (Grupos Socialista e do BNG) e seis abstencións (Grupos do PP e de Esperta Monforte), adopta, instando ao Ministerio de Fomento, o seguinte

ACORDO

- Manifestar o apoio do Concello de Monforte de Lemos ás reivindicacións da Plataforma en Defensa do Ferrocarril.
- Solicitar ao Ministerio de Fomento uns servizos ferroviarios dignos para a provincia de Lugo.
- Promover un plan integral provincial de transporte ferroviario que teña as conexións con outras vilas da provincia, como Sarria, Lugo, e Monforte, e mesmo coa cidade de Ourense, así como o tránsito ferroviario de vía estreita da Mariña.
- Acometer a construcción da Variante Ferroviaria de Monforte de Lemos, para suprimir os pasos a nivel da cidade, modernizar a Estación – tanto a rede de vías e andéns, como a terminal de pasaxeiros – potenciar e modernizar a comunicación ferroviaria coa Plataforma Loxística de Mercadorías – Porto Seco.
- Promover a chegada do AVE á provincia de Lugo e a construcción dunha estación intermodal na capital da provincia dentro dun Plan Urbanístico para a zona da Estación.
- Potenciar o transporte ferroviario de mercancías, especialmente coas terminais loxísticas.
- Restablecer as conexións con Madrid e Barcelona recentemente suprimidas.
- Que se leve a cabo a vertebración ferroviaria no noso país, que comunique Lugo con Santiago, e a partir de aí xa estaremos comunicados co resto do país e do Estado Español.
- A comunicación ferroviaria cos aeroportos e portos marítimos galegos, para sermos competitivos.

- Restablecer o servizo ferroviario de paquetería e transporte de mercadorías, co fin de prestar un mellor servizo non só ao usuario particular senón tamén á pequena e mediana empresa.
- En caso dunha posible reestruturación do servizo de transporte de viaxeiros ou mesmo supresión dalgún servizo actual, que se teña en conta a singularidade desta zona e a falta de comunicación con outros lugares como Santiago e Ourense para non perder ningún servizo máis."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que esta iniciativa obedece a que nola solicitan asociacións que levan adiante unha campaña provincial en defensa do ferrocarril e para que o AVE chegue a Lugo. Búscanse tres efectos positivos: supresión de pasos a nivel, modernización da estación e da rede de vías e a mellora da conexión do Porto Seco. Iso polo que respecta a Monforte. Tamén se vai presentar na Deputación e noutros Concellos. Que o AVE chegue de Ourense a Lugo pasando por Monforte.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que está de acordo co espírito da moción –como se ten dito aquí- ou coa alma. Custounos entender de que vai isto. Hai datos incorrectos: a data de febreiro de 2015 -que supoño un erro involuntario-, a conexión a Madrid –non hai unha, senón dúas-, aínda que é verdade que se perderon outros servizos. Pasan bastantes trens de mercadorías. Sen dúbida, mellor máis trens de proximidade. O espírito, sempre, mais que é o servizo digno? canto custa? Le cousas da moción, que non ve claras. O AVE en Lugo? Estamos en Monforte. O espírito e a alma, todo a favor, pero non sabemos isto de onde vén e a onde vai. Merecería outro respecto a presentación desta moción. Tamén saber se se acepta a emenda do BNG.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que coincidimos todos na necesidade de melloras e en loitar polo ferrocarril. Tanto no transporte de mercadorías como de pasaxeiros, o mellor servizo posible. Coincidimos con Esperta Monforte en que hai algunhas inexactitudes. *"Apoiar reivindicacións"*, cales? así en xenérico? No segundo punto, *"servizos ferroviarios dignos"*, estanse a producir melloras. No terceiro punto, *"promover plan integral –o AVE e demais-"*, hai que poñer en valor o gran investimento que se fai para que o AVE chegue a Galicia. Temos que conseguir as mellores prestacións e servizos. A estación intermodal está ben, pero interésanos a nosa estación. Está contemplada a variante no AVE Ourense-Lugo. Precisamos primeiro ter mercadorías que transportar. Hai que recuperar as conexións con Madrid e Barcelona. Coincidindo, como Esperta Monforte, co espírito da moción, cremos incorrectos os termos nos que está formulada. Por isto, abstención. Apoio ao mellor servizo ferroviario posible, pero está nuns termos a moción que non podemos darlle un apoio incondicional, se non se concretan algunhas cousas.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que tamén está de acordo co espírito, coa alma, e mesmo no seu caso co corpo. Parece, segundo o

Alcalde, que é iniciativa das asociacións, pero está presentada co logotipo do PSOE. Estamos de acordo como declaración de intencións. Pero no punto primeiro hai que distinguir a Galicia interior da Galicia do eixo atlántico, No segundo, máis investimentos con mellores datos. No libro "España, capital París", de Germá Bel, explícase a forma radial das comunicación e un patrón histórico baseado en necesidades económicas. Nel dise que tras máis dunha década de informes irreflexivos, parar e pensar é unha boa idea. Lugo é a única capital de provincia galega sen comunicación con Santiago. Entre Curtis e Santiago, só faltan 14 kms. para solucionalo. Cos acordos que se propoñen, temos algunha discrepancia. 2015? Será que a moción non está ao día: na estación ten habido actuacións. A que se refire "modernizar a estación"? Que entendemos por servizos dignos? No Plan integral, esquecéronse de Monforte, hai que engadilo. Con tres aeroportos sen conexión ferroviaria, o "Sá Carneiro" é o mellor aeroporto de Galicia. Hai malas conexións cos portos. Xa non hai servizo de paquetería, só para grandes transportistas. Non está potenciado o servizo, que é o que debemos reclamar. As queixas débense formalizar. Hai unha emenda nosa. Le os puntos dela. A emenda é *"de engádega aos acordos a adoptar na devandita moción instando ao Ministerio de Fomento a:*

1. *Que se leve a cabo a vertebración ferroviaria no noso país, que comunique Lugo con Santiago, e a partir de aí xa estaremos comunicados co resto do país e do Estado Español.*
2. *A comunicación ferroviaria cos aeroportos e portos marítimos galegos, para sermos competitivos.*
3. *Restablecer o servizo ferroviario de paquetería e transporte de mercadorías, co fin de prestar un mellor servizo non só ao usuario particular senón tamén á pequena e mediana empresa.*
4. *No punto 3 engadirlle a palabra Monforte: "Promover un plan integral de transporte ferroviario que teña as conexións con outras vilas da provincia, como Sarria, Lugo, e MONFORTE, e mesmo coa cidade de Ourense, así como o tránsito ferroviario de vía estreita da Mariña."*
5. *En caso dunha posible reestruturación do servizo de transporte de viaxeiros ou mesmo supresión dalgún servizo actual, que se teña en conta a singularidade desta zona e a falta de comunicación con outros lugares como Santiago e Ourense para non perder ningún servizo máis."*

Do Sr. Alcalde, que di que a data evidentemente é un erro, é 9 de xaneiro de 2016 e non 9 de febreiro de 2015. A exposición de motivos si pensa en Monforte. Nunha obra desta envergadura, a infraestrutura é supramunicipal. Monforte non é unha illa. Reivindicacións da Plataforma? As que están aquí, incluído o da Mariña para a visión provincial. De Curtis a Santiago hai máis de 14 kms. Na estación faltan moitas cousas, como modernizar as vías ou a terminal de pasaxeiros. Da emenda do BNG, acepto a palabra Monforte. Tamén o punto 5. E non hai inconveniente para os outros puntos, pero non teñen moito que ver con isto. Os puntos 4 e 5, sen problema; os puntos 2 e 3 non son tanto desta iniciativa.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que é tan abstracta a moción. A nós dísenos que as nosa mocións non concretan, pero aquí: a quen lle corresponde o Plan integral, a

variante, a chegada do AVE? Son moi importantes e concretas algunhas das cousas da emenda do BNG. É importante o punto 3 da paquetería e das mercadorías. Vexo tan abstracto o que estamos pedindo, que non se vai tomar en serio. Deberíase enfocar doutra maneira.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que debemos todos coincidir na importancia para os galegos e os monfortinos da chegada do AVE. Podo entender o que formula o BNG sobre Lugo-Santiago, pero onde queda Monforte? Temos que ver a nosa prioridade. Promover un Plan? que Plan? Ímonos abster. Tampouco coincido co da eliminación dos servizos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que se temos un tren mellor, atraeremos xente e mesmo empresas. Di que non hai problema cos puntos 4 e 5 da nosa emenda. Cos puntos 1, 2 e 3, dado que se lle vai ben a Galicia, vaille ben a Monforte, tampouco debería haber problema. Acepte os cinco puntos e votamos a favor.

Do Sr. Alcalde, que di que aínda que algunha cuestión é obxecto doutra iniciativa, non hai problema. Á portavoz de Esperta Monforte, dille que a administración competente é o Ministerio de Fomento, que a paquetería si é importante, aínda que ao mellor noutra iniciativa, e sobre concretar, que é concreto as cousas que están nos acordos. O Presidente da Xunta dixo en campaña electoral que se non o facía o Ministerio, faciao el. Supoño que non puido por non ter competencia.

(Engádese, para o que se vota, os puntos 1, 2, 3 e 5 da emenda do BNG, e corríxese o punto 3 da moción orixinal para incluír Monforte).

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE RESERVA DE ESPAZO PARA CARGA E DESCARGA DE EQUIPAXES E PASAXEIROS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau e D.Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha emenda de substitución tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Temos constancia de que nos últimos meses, diferentes establecementos hoteleiros teñen solicitado ao Concello de Monforte un espazo reservado para facilitar a carga e descargar tanto de equipaxes como de pasaxeiros diante dos seus negocios, xa que en ocasións, e en determinadas rúas, non dispoñen de espazo de aparcamento para levar a cabo esta actividade, o que, segundo os empresarios hoteleiros, repercute negativamente na súa clientela. Estas solicitudes non se poden atender de xeito satisfactorio por non termos no concello unha ordenanza que contemple tal situación.

Sabemos da existencia dunha Ordenanza Municipal de Circulación do Concello de Monforte de Lemos do ano 1992 na que se regulan os vaos e os espazos de carga e descarga de mercadorías, entre outros, pero non de pasaxeiros e equipaxes diante de establecementos hoteleiros.

Por outra banda, cómpre ter en conta que Monforte de Lemos é a capital da comarca da Ribeira Sacra, e polo tanto, visita obrigada de moitos turistas que se achegan á mesma, ademais non debemos esquecer que nos últimos tempos a ocupación hoteleira se viu incrementada ata nun 40%.

En consecuencia, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

1º.- A elaborar un informe detallado sobre seguridade vial na cidade, tal como se interesa na proposta a debater no punto seguinte, a fin de:

* detectar deficiencias e riscos existentes para os usuarios das vías públicas, tanto conductores como peatóns, e determinar as actuacións precisas para correxilos.

* detectar as necesidades e deficiencias relacionadas coa reserva de prazas de estacionamento nas ruas da cidade, en función das necesidades dos usuarios dos negocios e servizos que se ubican nelas, e definir as actuacións precisas para correxilas

* detectar as necesidades e deficiencias de reserva de espazos para estacionamento de persoas con discapacidade, nas ruas da cidade, e definir as actuacións precisas para correxilas.

2º.- A levar a cabo as actuacións e correccións que resulten do informe sinalado, a fin de eliminar os riscos e deficiencias que se aprecien e mellorar e garantir a seguridade vial da cidade, así como as reservas de espazo necesarias para facilitar o estacionamento dos usuarios dos negocios e servizos que se ubican nas distintas vias, e para dotar de espazos reservados suficientes a disposición das persoas con discapacidade.

3º.- A elaborar unha Ordenanza de Circulación, Estacionamento e Seguridade Vial, dirixida a actualizar a regulación da circulación na cidade, a mellorar a seguridade vial e a regular o uso dos espazos reservados para os usos sinalados."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que teñen coñecemento de solicitudes habidas sobre isto. Le a moción, cuxos acordos din o seguinte: *"INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO: 1º.- A elaborar un informe detallado*

sobre seguridade vial na cidade, a fin de detectar deficiencias e riscos existentes para os usuarios, tanto conductores como peatóns, e determinar as actuacións precisas para correxilos.- 2º.- A levar a cabo as actuacións e correccións que resulten do informe sinalado, a fin de eliminar os riscos e deficiencias que se aprecien e mellorar e garantir a seguridade vial da cidade."

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é lóxico que os establecementos hoteleiros dispoñan de lugar de carga e descarga de viaxeiros.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que hai unha emenda do seu Grupo, porque isto tamén afecta a outros establecementos (A emenda é de substitución dos acordos presentados coa moción polo que finalmente resultou aprobado). No marco do informe, adoptar as medidas e elaborar a Ordenanza.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que temos constancia de dous establecementos que solicitaron, un deles fixo dúas solicitudes, trátase do hotel "Ribeira Sacra", denegado nas dúas ocasións segundo o informe da Policía Local. Le os informes da Policía Local, deles resulta a condición de que non conte o hotel con espazo interior disponible. Neste caso, teñen espazo e hai unha praza cercana. O hotel "Cardenal" solicitou tamén para autobuses. Le o informe da Policía Local, do que resulta que ten un espazo interior e a ubicación é inadecuada para o que se pide, especialmente no caso dos autobuses. Tamén se denegou con ese informe. É máis factible onde o hotel "Puente Romano". Hai que buscar solucións alternativas, para non bloquear as rúas. Coa Dirección provincial do Sergas, buscamos unha solución. Ordenanza de Tráfico, non a temos como tal. É do ano 1995, pero nunca entrou en vigor, só tivo exposición pública, non houbo publicación definitiva. Non é posible modificar unha Ordenanza que non existe. Le o anuncio do BOP do 18/08/1995. Non se pode modificar o que non se ten, ao mellor hai que elaborar unha que recolla isto.

De Dna. Pilar López Martínez , que di descoñecer se estaba publicada ou non. A min dixéronme que era do ano 1992. Non estamos ante un espazo reservado para aparcamento as 24 horas, senón ante un vao de carga e descarga de pasaxeiros. Tampouco pensamos nunha praza de autobús. Cando digo modificar a Ordenanza, os técnicos terán que miralo. Se teñen aparcamento privado, non cabe un espazo reservado. Descoñecía o do aparcamento deses hotéis, e se a Ordenanza non existe, pois estudalo e facela. No punto 2º da emenda do PP: reservas de espazo? cales? A modificación a facer, segundo criterio técnico.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que ela tampouco entendeu o dos espazos fixos e o dos autocares, senón un espazo para carga e descarga de viaxeiros.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di entender que aceptan a emenda. Entón imos votar a favor. (A portavoz do BNG di que de non ser posible unha modificación da Ordenanza que contemple todo). (Sométese a votación a moción coa emenda de substitución dos acordos dela).

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE SEGURIDADE VIAL.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse Dna.Gloria Mª Prada Rodríguez e Dna. Pilar López Martínez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e coas modificacións introducidas tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1. Este Grupo Municipal ten recibido queixas de veciños e usuarios, preocupados pola falla de seguridade vial existente en distintos puntos da cidade, fruto da ausencia de sinalización vertical e horizontal, ou porque, existindo, ésta é deficiente.
2. Pero tamén temos recibido queixas derivadas da existencia de elementos na rúa ou que afectan a circulación, que representan risco para os usuarios, tanto conductores como peatóns.
3. Nos últimos meses, estanse a producir múltiples atropelos e accidentes de tráfico en distintos puntos da cidade que dan conta da necesidade de mellorar a seguridade vial.
4. Existen puntos donde as deficiencias están especialmente á vista. Asi:

- A praza da Florida, presenta unha sinalización moi deficiente que da lugar a equívocos, e ten provocado múltiples accidentes.
- A confluencia das rúas Abeledos, Manuel María e Saviñao, que precisa dunha actuación que clarifique e mellore a seguridade vial.
- A Praza Doutor Goyanes, tamén presenta deficiencias de sinalización, concretamente carece de paso de peatóns entre a marxe esquerda e dereita da Ponte Vella, e tampouco hai paso peatonal que una a beirarrua do Cantón co resto da praza.
- A mesma situación de falta de pasos peatonais se repite na praza das Clarisas e entre ambas marxes da Ponte Vella nese punto.

5. Puntos con deficiencias deste tipo, na sinalización, existen o longo de toda a cidade, pero tamén existen outros elementos que poden representar un risco para peatóns ou conductores, que deben ser correxidos ou eliminados. Exemplos desto son:

   - Na baixada da Ponte Vella hacia a Praza Doutor Goyanes, o foco que ilumina a ponte, está orientado de tal maneira que deslumbra os conductores que pretenden facer ese Stop en hora nocturna, dificultanto a visibilidade hacia o Malecón.
   - Na rúa do Caneiro, dende a entrada do Club Fluvial ata as inmediacións do Club Padel Ante, na marxe esquerda, existen os restos dunha fila de bolardos delimitadores da zona de paso de peatóns que foron arrancados na maior parte; moitos deses restos presentan superficies metálicas cortantes e puntiagudas, e representan un risco para os usuarios da via.

6. Estas e outras fallas deste tipo representan un risco para a seguridade vial que é preciso correxir. Non lle é posible a este grupo facer un desglose absoluto de todolos puntos de risco existentes na cidade, pero si advertir da necesidade de que se elabore un informe de deficiencias na seguridade vial que se aprecian na zona urbán a fin de que se proceda a correxilos a maior brevidade.

Por todo o exposto, a fin de garantir a seguridade vial dos peatóns e demais usuarios dos viales, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:
1º.- A elaborar un informe detallado sobre seguridade vial na cidade, que elaborará a Policía Local e os técnicos competentes a maior brevidade posible, a fin de detectar deficiencias e riscos existentes para os usuarios, tanto conductores como peatóns, e determinar as actuacións precisas para correxilos.
2º.- A levar a cabo as actuacións e correccións que resulten do informe sinalado, a fin de eliminar os riscos e deficiencias que se aprecien e mellorar e garantir a seguridade vial da cidade.
3º.- A elaborar unha Ordenanza de Circulación, Estacionamento e Seguridade Vial, dirixida a actualizar a regulación da circulación na cidade, a mellorar a seguridade vial e a regular o uso dos espazos reservados para os usos sinalados."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que está relacionado coa moción anterior. Explica os puntos da exposición de motivos e queixas que teñen recibido. Engade un 3º punto igual ao punto 3º da moción que se acaba de aprobar.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que están a favor. Co que vai a favor da seguridade vial, Esperta Monforte a favor, e do mantemento necesario para iso. Xa nos primeiros Plenos, Esperta Monforte presentou unha moción sobre a velocidade na cidade e outras cousas. Un ten a sensación de que o que facemos é perder o tempo e gastar saliva. A nosa moción xa ten uns meses. Se se tivese feito o que xa está aprobado hai meses, ao mellor non estabamos falando disto.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di estar de acordo de xeito xeral, pero na exposición de motivos mezcla cousas. Engadiriamos a ausencia de pintado do pasos de peóns, o equipo de goberno anterior facíao antes do verán, en 2015 non se fixo, a pesar de estar no orzamento. Pínteos, Sr.Alcalde, canto antes. Outro punto conflitivo é a saída do Hospital, hai que estudalo e requirir á Xunta de Galicia, titular da vía, tamén no que inflúe o novo Corredor completado. Pide que o estudo sexa elaborado pola Policía Local, a 2ª actividade aprobada hoxe terá tarefa.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, Concelleira de Tráfico, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que o PSOE e o Grupo de goberno teñen preocupación pola seguridade vial. Hai puntos susceptibles de mellora. Que estuden os técnicos onde mellorar a sinalización e onde poñela que sexa necesario. Algúns puntos dependen doutras administracións, instaríamos á Xunta e á Deputación. Hai 30.000 euros na partida orzamentaria para actuacións de sinalización vial. Hai que pedir civismo aos nosos cidadáns. Non se cumpre coas sinais en lugares que por iso fanse perigosos. O Grupo de goberno vai apoiar esta moción.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece o apoio dos Grupos. A moción de Esperta Monforte era en relación con aquilo das bicicletas. Sen dúbida, as mocións aprobadas están para darlles cumprimento. Aquí contémplase algo máis global. Agradece novamente o apoio e recorda o de engadir un punto 3º co mesmo contido que o da emenda aceptada no asunto anterior.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que a súa moción era de bicicletas, pero tamén de seguridade vial trala emenda que houbo. De pouco serve aprobar, se logo non se fai.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que se non ten inconveniente o PP, que o informe sexa elaborado pola Policía Local. E tamén establecer un periodo razoable para o informe, 3 ou 4 meses serían mais que suficiente.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, que di que para cousas que non se fixeron co goberno anterior, agora póñense prazos, pero será o máis rápido posible. Que conste a nosa preocupación pola seguridade vial.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que neste informe tamén colaboraría a Policía Local. No dos prazos, non sei se simplemente que sexan razoables.

(O texto que se somete a votación, inclúe no punto 1º dos acordos *"que elaborará a Policía Local e os técnicos competentes a maior brevidade posible"*, entre *"na cidade"* e *"a fin"*).

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE REQUIRIMENTO DE CUMPRIMENTO Á EMPRESA AQUALIA SOBRE REPARACIÓN DE AVARÍAS, PARTICULARMENTE OS SOCAVÓNS DA RÚA CHANTADA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- "É sabido que a explotación do servizo público municipal de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, foi obxeto de concesión administrativa, resultando adxudicataria de ambos a empresa Seragua, -hoxe AQUALIA- con arreglo aos pregos de condicións e á oferta da empresa según acordo plenario de 30.4.2001.

2. Na citada oferta, se sinala "*En todo momento se procurará interferir mínimamente en la normal vida ciudadana, **reparando las averías con la mayor celeridad posible** y, asimismo, respetando siempre el descanso de los ciudadanos, con la salvedad de las situaciones que, por su gravedad, obliguen a una actuación inmediata del concesionario. **Una vez efectuado el corte de suministro a la zona afectada, se procederá a su acotamiento y señalización y se comenzarán las tareas de reparación con la mayor brevedad posible**".*

De feito, inda que non se especifica un tempo máximo de reparación, sí se sinala, para averías de nivel 1, esto é, as de carácter leve, (pequenas fugas que non afecten a un número significativo de abonados), que si a avería se produce de día, se procederá "al corte de suministro en la zona afectada, y su reparación se incluirá en la programación diaria realizada por el encargado. Si esta avería se produjera en horario nocturno, se aplazará su reparación al día siguiente al de la fecha en que se produzca la incidencia; siempre y cuando no haya ningún abonado sin suministro"

Para o caso de que a avería inda que técnicamente leve, afecte ao normal suministro aos usuarios, pasará a considerarse de Nivel 2, (aquelas ocasionadas por fugas importantes ou roturas que afecten a un número significativo de abonados, incluíndo roturas de conduccións de pequeño e mediano diámetro, ou elementos singulares), de maneira que si a avería se produce en horario diurno e días de semana, "*se comunicará la incidencia al encargado para que este a su vez, una vez examinada la avería, asigne a las brigadas que juzgue necesarias su inmediata reparación, posponiéndose las reparaciones de menor importancia en las que se encontraran trabajando. En caso de producirse la incidencia en sábado o festivo en horario diurno, el oficial de guardia, después de efectuar el corte procederá a su inmediata reparación. En caso que la avería tuviera cierta complejidad, el oficial comunicará con el encargado o mando que se encuentre en retén la necesidad de que se persone en el lugar del siniestro para la evaluación de su alcance y la organización de la reparación mediante el servicio de retén o la empresa subcontratista. Si fuese en horario nocturno el personal de guardia efectuará el corte, y posteriormente comunicará la actuación realizada para que al día siguiente el encargado organice la reparación de la avería. Si el personal de guardia no fuese capaz de realizar el corte, se comunicará al capataz que se encuentre en retén la necesidad de que se persone en el lugar del siniestro para la evaluación de su alcance y la organización de la reparación*".

Para averías de nivel 3, (averías graves ou programadas por rotura de conduccións de medio ou gran diámetro que orixinen inundacións importantes, fundimentos do pavimento, corrimento de terras, ou que afecten a gran número de abonados), a obriga da concesionaria, é, si se produce en horario diurno, de movilizar todolos efectivos dispoñibles que sexan necesarios, incluidos os destinados a outros servizos distintos, e de subcontratación de maquinaria pesada, no caso de ser precisa e non estar dispoñible. Incluso cabe a subcontratación de empresas para dar apoio o servizo de reparación de averías, en caso de necesidade, nas tarefas de localización e reparación e tamén na realización de traballos de reposición de aceras e calzadas, asfaltado etc.

3.- Pero a pesares de esta obriga de acometer a reparación de averías de forma inmediata, empregando todolos recursos dispoñibles ou subcontratándoos incluso, para evitar molestias aos usuarios, na medida do posible, o certo é que nos últimos tempos se suceden na nosa cidade, averías que dan lugar a zanxas en aceras e viales que permanecen durante semanas incluso meses, sin que se vexan operarios facendo traballos de ningún tipo dirixidos a reparalas, coa inmediatez comprometida.

No mellor dos casos, unha vez acometida a reparación mais inmediata para evitar a fuga ou repoñer o suministro, o certo é que as zanxas permanecen durante demasiado tempo, ocasionando riscos e perxuizos para os cidadans.

Exemplos desta práctica, producíronse na rúa Corredoira, na rúa Escultor Francisco Moure, na rúa Eduardo Pondal, en Calvo Sotelo, no Morín, etc. de tal maneira que as zanxas abertas nestas ruas permaneceron así durante moito tempo, sen que na maior parte das xornadas se apreciase traballo efectivo que xustificase esa situación. Unha práctica que supón molestias e riscos para os veciños e nalgúns casos incluso ten provocado caídas, danos e incluso accidentes.

4.- Ademais da demora na reparación do entorno sin causa aparente que o xustifique, con demasiada frecuencia as zanxas carecen do axeitado aseguramento, sinalización e protección, ata o punto de que son varios os sinistros e danos de todo tipo, que se teñen producido a conductores e peatóns por esta causa".

Este era o contido da parte expositiva de duas mocións presentadas por este grupo en maio e decembro de 2014, na que se demandaba que se requerira á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento, -AQUALIA-, para que en relación as averías que ven obrigada a reparar, ou actuacións de todo tipo que efectúe nas vías públicas, **proceda á súa reparación, execución e á reposición do seu entorno, coa maior inmediatez,** e a que en tanto non se produzca a reposición do entorno, se empreguen as **necesarias e axeitadas medidas de sinalización, aseguramento e protección da zona afectada**, a fin de evitar os riscos e molestias que veñen sufrindo os veciños pola permanencia durante largo tempo de zanxas abertas na rúas e beirarúas, sin que se aprecie traballo efectivo nas mesmas que xustifique tal situación.

SEGUNDO.- Estas iniciativas foron aprobadas, nembargantes, a situación e o modo de proceder da concesionaria non mudou dende entón, de tal maneira, que levamos meses apreciando dous socavóns de importantes dimensións na rúa Chantada, -un deles dende marzo de 2015- deficientemente sinalizados, polos que incluso se ten aberto un expediente á concesionaria, dende a Xunta de Galicia, polo risco que representan.

O cambio no equipo de goberno desta cidade, non parece que teña representado cambio algún no nulo nivel de esixencia á concesionaria Aqualia, no cumprimento das suas obrigas.

Por todo o anterior, e á vista de que se sigue procedendo coa mesma falta de dilixencia no que atinxe á reparación das averías e á sua sinalización, o Pleno da Corporación, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1.-A requerir á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento, -AQUALIA-, para que en relación as averías que ven obrigada a reparar, ou actuacións de todo tipo que efectúe nas vías públicas, **proceda á súa reparación, execución e á reposición do seu entorno, coa maior inmediatez,** a fin de evitar os riscos e molestias que veñen sufrindo os veciños pola permanencia durante largo tempo de zanxas abertas ou socavóns na rúas e beirarúas, sin que se aprecie traballo efectivo nas mesmas que xustifique tal situación.

2.- A que durante o tempo que as zanxas permanezcan abertas, para efectuar a reparación da avería, e en tanto non se produzca a reposición do seu entorno, se empreguen as **necesarias e axeitadas medidas de sinalización, aseguramento e protección da zona afectada**, a fin de evitar molestias e riscos innecesarios os usuarios.

3.- A repoñer a maior brevidade,o seu estado anterior, -e entretanto, a sinalar axeitadamente-, os grandes socavóns existentes na Rúa Chantada por mor de averías na

rede de abastecemento, que permanecen no mesmo estado dende fai moitos meses, sin que se aprecie traballo algún neles.

4.- A incoar os expedientes sancionadores que procedan no caso de que a concesionaria, manteña a sua atitude incumpridora, respecto desta, e outras obrigas recollidas no contrato que a vincula."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica a moción e os acordos a aprobar. Estamos outra vez en que esta concesionaria cumpra as súas obrigas.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que temos tido varias iniciativas con esta empresa. A favor, pero volvo dicir que pouco vale acordar se non se cumpre. Nós temos preguntado. Sabemos que se está negociando, pero descoñecemos o que.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que se cada vez que hai un problema, se nos di que nós estivemos antes, di pouco da capacidade actual de gobernar. O equipo de goberno anterior requiriu pechar as fochas en breve prazo. Non é fácil que a empresa cumpra, pero hai que esixir. Co socavón da rúa Chantada, hai un problema coa solicitude de prazo para reparar, polas choivas habidas en Nadal. Pero de acordo co que a moción formula.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que a capacidade de gobernar, xa se verá ao final. En seis meses, resisto a comparativa. Para a voceira do anterior goberno, despois de 12 anos, a culpa seguía sendo do goberno anterior. Co contrato de Aqualia, algunha cousa máis puidose facer. No punto 3 dos acordos da moción e no segundo apartado da exposición de motivos, non estamos de acordo con que o novo equipo de goberno siga igual. Está o exemplo do sucedido un venres chuvioso, que por iso se demoraban, mandouse un escrito requirindo e á media hora estaba arranxado. Encarguei aos técnicos o modo de facer as notificacións, con aviso inmediato. Non pode ser que haxa tanto tempo para facer as reparacións. A rúa ten que quedar igual que estaba antes da avaría. Sairá escrito nese sentido, e se non cumpren, adoptaranse medidas. Apoiamos a iniciativa, algunhas cousas cambiarán.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece o apoio. É importante aprobar os acordos da moción, pero para cumplilos. Dille ao BNG que fixeron aquilo en 2014, porque estabamos coa Comisión de Investigación. É certo o recordo sistemático a Nazario Pin. O Alcalde non está de acordo no de que non hai cambio. Con reservas: sabemos que hai negociación, non sabemos en que termos, e segue habendo incidencias.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que cando preguntaron, a resposta foi que se estaba negociando. Non sabemos o que. Abriuse expediente ou non, ese é o tema. Agradeceríamos información.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di ao Alcalde que lle vai coller a palabra para a comparativa cando remate o mandato. Nos 12 anos do BNG, non se esqueza dos 4 que cogobernou. O noso voto é a favor. Que conste en acta a futura comparativa, tamén da saúde económica do Concello, grazas ao servizo de Intervención e á miña compañeira Mª José Vega, Concelleira de Facenda.

Do Sr. Alcalde, que di que se alegra da saúde económica, pero en 2011 o Remanente era negativo e cambiou a tendencia co Plan de axuste, e máis en 2014 por non haber orzamento.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA SUBSTITUÍR AS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS POR SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e D.Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción, cunha emenda de substitución incorporada no debate, di o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.
Tal e como establecen o artigo 19 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia como o artigo 22 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: "O procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva".

Asimesmo, a xestióndas subvencións a que se refiren estas leis, establece que se realizará dacordo aos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración otorgante.
c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Nos presupostos do Concello de Monforte de Lemas para o ano 2016, está previsto un importe de 183.625 euros para asignar en forma de subvencións nominativas. Este procedemento de concesión directa de subvencións, se ben está recollido no artigo 22.2 da Lei Xeral de subvencións, resulta contrario á filosofía desta, pois non cumple cos principios antes mencionados.

O Concello de Monforte de Lemos, asignando as subvencións mediante o procedemento de concesión directa está convertendo unha excepción en norma, e está empregando un sistema que para o grupo municipal espertamonforte! resulta totalmente inaceptable no momento en que se están asignando cartos públicos dun xeito arbitrario e subxectivo.

Por todo isto, o grupo municipal EspertaMonforte! SOLICITA (segundo emenda aceptada do Grupo do BNG):

Instar ao equipo de goberno do Concello de Monforte de Lemos a levar a cabo unha fórmula mixta nas axudas que se conceden tanto aos clubs ou entidades deportivas e culturais, de tal xeito que haxa unha subvención nominativa para aquelas entidades, clubs ou asociacións que pola súa estrutura, organización e servizo prestado necesiten unha axuda determinada e unha concorrencia competitiva pública para aqueloutras entidades cunha estrutura máis ou menos similar, limitando, loxicamente, a participación nunha ou noutra alternativa de axuda, isto é a que participa en nominativa non poderá participar en concorrencia competitiva."

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupos de Esperta Monforte e do BNG), seis votos en contra (Grupo Socialista) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta, co voto de calidade do Sr.Alcalde (do Grupo Socialista), tras unha segunda votación con idéntico resultado (art. 100.2 do ROF), o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal de Esperta Monforte para substituír as subvencións nominativas por subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que non puido estar na Comisión informativa. Le a moción. Corrixe o acordo suprimindo "todas". Sobre unha emenda que presenta o BNG, con outras palabras, estamos dicindo o mesmo. Antes de contestar se acepto a emenda, que a explique. Trátase de que haxa unha puntuación para conceder as subvencións. (Coa supresión de "todas" entre "pasando a ser" e "de concorrencia competitiva", o acordo presentado coa emenda queda así: *"Instar ao equipo de goberno do Concello de Monforte de Lemos a acometer unha reforma do sistema de subvencións, que elimine, con carácter xeral , as subvencións nominativas, pasando a ser de concorrencia competitiva , e aumente a transparencia na súa concesión (publicando como mínimo a súa convocatoria, requisitos e criterios de valoración para a súa concesión).* ").

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que coinciden no das subvencións en concorrencia competitiva. No orzamento de 2016, hai subvencións nominativas para a UNED, as Clarisas, os Grupos políticos, as asociacións e clubs deportivos. No último suposto, nalgúns casos hai concorrencia competitiva. Hai que mirar como se distribúen, o mesmo coas festas das parroquias. Os criterios obxectivos sempre deben estar en relación coa conduta que a administración quere fomentar. En principio, abstención, porque se ben de acordo co espírito –unha vez máis-, habería que establecer polo Grupo de goberno un criterio para uns casos e outros.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, Que di que de acordo cos principios da moción. Pero hai que distinguir, porque ata agora en Cultura había un sistema mixto: nominativas para o Museo de Arte Sacro –por ser único-, para Náufragos do Paradiso –por ter unha actividade específica- ou para as festas; concorrencia competitiva no resto, cuns criterios para repartir a cantidade orzamentada. No ámbito deportivo, eran nominativas porque a homoxeneidade no deporte, entre diversas modalidades deportivas, é complicada. Nas diversas bases, había dificultades para transformar os criterios en contías. O ideal é unha fórmula mixta: nominativa para quen por estrutura, organización, etc. ten un tratamento especial, e competitiva no resto, non puidendo acudir ás dúas. Por iso, a nosa emenda, que se ben concorda co espírito, eliminando "todas", é máis concreta. Le a súa emenda (a emenda é de substitución do acordo que vén coa moción polo que finalmente resultou aprobado). É difícil que todas sexan nominativas, por peculiariedades singulares.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que os orzamentos de Monforte de 2016 cumpren escrupulosamente coa lei. Se algunha subvención é nominativa, é porque pode selo. O documento orzamentario é público e transparente. No 2015, había prácticamente as mesmas nominativas. O técnico de Deportes di que é máis fácil de xestionar coas nominativas. Hai subvencións que non poden ser en concorrencia competitiva. 67.525 euros é a cantidade en subvencións nominativas en Monforte. Pon varios exemplos de por que son nominativas. Consideramos que é un criterio bo, legal, fácil de xestionar, público e transparente. Correspóndelle a quen goberna ver o máis conveniente. Non apoiaremos a iniciativa por esas razóns.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que xa sabemos que as subvencións nominativas son máis fáciles de xestionar. Pero esa facilidade leva a inxustizas. Non nos queixamos das que non teñen comparativa. Houbo unha iniciativa do PP no Parlamento para eliminar ou restrinxir as subvencións nominativas. En que se basa para darlles a uns clubs deportivos máis que a outros? Hai dous clubs de voleibol con 4.000 euros de diferenza na súa subvención nominativa. Máis fácil, xa o sabemos. Non pode ser só con petar na porta do despacho do Alcalde.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que se seguen abstendo. A iniciativa á que se referiu Esperta Monforte era de competitivas "con carácter xeral". Pero hai casos. O procedemento ordinario é a concorrencia competitiva.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle pregunta á portavoz de Esperta Monforte se acepta a súa emenda. A fórmula mixta é similar ao que se propón na moción tras retirar o termo "todas". Se acepta a nosa emenda, cremos que é máis completo o acordo no espírito da moción.

Do Sr.Alcalde, que di que os dous clubs de voleibol non compiten no mesmo nivel, un entra novo coa cantidade que pediu. (Xa nunha intervención anterior del e na que acaba de ter a portavoz do BNG, refírense ambos aos puntos de vista contrapostos que

manteñen co que pasou na hipotética negociación do orzamento. Nesta intervención, o Sr.Alcalde continúa co mesmo asunto).

De Dna. Maribel García Díaz, que di que o do voleibol era un exemplo. Podemos falar de fútbol e doutros deportes, por que unha cantidade e non outra? Lamento o tempo gastado sobre quen mentiu máis, traeremos se tal un detector de mentiras. Aquí falamos doutras cousas. No sistema mixto de nominativas para casos concretos e competitivas en xeral, as dos clubs deportivos deben ser competitivas.

De Dna. Pilar López Martínez, que as nominativa deben ser por peculiaridades, sen distinguir as deportivas do resto.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que acepta a emenda do BNG, deixando constancia de que as subvencións deportivas poden ser todas competitivas.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O PERFIL DO CONTRATANTE DA PÁXINA WEB.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse Dna.Gloria Mª Prada Rodríguez e Dna. Marina Mª Douton Rajo).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha salvedade xurdida no debate, tralas intervencións regulamentarias acórdase o seguinte:

"Segundo a Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o perfil do contratante debe de ser utilizado para cumprir coas obrigas sobre a xestión dos contratos públicos, por este motivo no perfil do contratante da páxina web municipal deberían publicarse todos e cada un dos procedementos de contratación, tanto os que son de obrigado cumprimento pola lei como aqueles negociados sen publicidade.

A obriga dunha administración é practicar unha total transparencia nos procesos de contratación. O actual grupo de goberno do Concello de Monforte non o está facendo e polo tanto non está cumprindo co que establece a normativa vixente e a ética de calquera administración pública.

Resulta sorprendente que o Alcalde de Monforte non actúe co rigor e compromiso do que presume o seu partido e non cumpra as directrices do mesmo de cara a garantir a máxima transparencia nos contratos públicos..

Recentemente, vén de ser publicado un procedemento de contratación, **EXP. 055-OBR15** da **obra Renovación das conducións de auga potable nas rúas Irmáns Dapena, Corredoira e José de Garabantes**, onde só figuran o anuncio de Adxudicación e o de Formalización, ocultándose o resto do procedemento.

Pola contra, se observamos os procesos de adxudicación realizados polo anterior goberno, poderase comprobar como cada expediente ten un exhaustivo e continuo detalle de cada un dos procesos seguidos. A modo de exemplo, podemos citar o seguinte:

Obra de Ordenación do Campo da Feira:

Fecha publicación: 10/11/2014 | Nº de Expediente: 0037-OBR14

Documentación do Expediente

- 04/05/2015 8:30:34 - Formalización BOP
- 21/04/2015 9:01:39 - Formalización
- 17/04/2015 9:55:08 - Anuncio BOP adxudicación
- 01/04/2015 12:44:07 - Adxudicación
- 23/12/2014 10:21:50 - Acta Mesa de Contratación (23 decembro 2014)
- 23/12/2014 10:21:14 - Acta Mesa de Contratación (19 decembro 2014)
- 19/12/2014 13:37:28 - Acta Mesa contratación 1 (15 decembro 2014)
- 19/12/2014 12:55:34 - Convocatoria Mesa sorteo
- 17/12/2014 10:01:29 - Convocatoria 2ª Mesa contratación
- 11/12/2014 9:13:45 - Convocatoria Mesa de contratación
- 21/11/2014 8:44:57 - Anuncio licitación BOP
- 13/11/2014 10:15:29 - Rectificación erro material
- 10/11/2014 13:43:13 - Memoria do proxecto
- 10/11/2014 13:44:53 - Anuncio licitación
- 10/11/2014 13:44:41 - Prego cláusulas administrativas
- 10/11/2014 13:43:50 - Informe melloras
- 10/11/2014 13:43:39 - Plano sinalización
- 10/11/2014 13:43:24 - Planos Proxecto

Por este motivo, este Grupo Municipal considera que se está levando a cabo un retroceso na transparencia da xestión municipal e entende que se debe continuar actuando con total claridade.

Descoñecendo os motivos que levaron ao actual Alcalde a suprimir a información completa do devandito procedemento, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

1. Instar ao equipo de goberno, en aras da transparencia, a que se publiquen todos os procedementos de contratación obrigados por lei e os negociaciados sen publicidade dun xeito completo, con toda a información, co fin de que calquera cidadán poida consultar.
2. Instar ao equipo de goberno a que se publique toda a información relacionada co devandito expediente 055-OBR15 da obra Renovación das conducións de auga potable nas rúas Irmáns Dapena, Corredoira e José de Garabantes, onde actualmente só figura o anuncio de Adxudicación e de Formalización.

3. Instar ao equipo de goberno a que as publicacións que se realizan na páxina web municipal se fagan en Lingua Galega, xa que segundo a Lei de Normalización Lingüística, aprobada o 15 de xuño de 1983, concretamente no título II, artigo 4: "*O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administracion, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.*"
(coa salvedade, neste último punto, de que poida publicarse tamén en castelán)".

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción e explica o que falta da obra da auga na rúa Corredoira.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que Esperta Monforte está sempre a favor da máxima transparencia. Temos traído propostas ao respecto, sen que se nos aproben. A favor da moción. Esta obra da auga debera ser pagada por Aqualia. Teño a mosca detrás da orella, porque a empresa adxudicataria UNIKA está relacionada cunha empresa pendente de ser xulgada.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar esta iniciativa. Cunha salvedade no punto 3: tamén en lingua castelá. Vemos unha forma diferente de facer política na portavoz actual do BNG. No anterior mandato, houbo uso e abuso de contratos menores. Celebramos agora esta actitude. Salvando o de que se publique nas dúas linguas, a favor.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que hai na moción termos inaceptables. O Grupo de goberno está comprometido coa transparencia na contratación e noutros ámbitos. "Ocultar", "non informar", "incumprir a normativa", quen? o Alcalde? os técnicos? Na obra da rúa Corredoira, un procedemento negociado sen publicidade, publicouse o que indica a lei. Compárao cun procedemento aberto. As esixencias non son as mesmas. Co galego non hai problema e tampouco con incluír as dúas linguas. Vexa o art. 142 da Lei de Contratos do Sector Público.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que se remite ao perfil do contratante. Aparece a recollida de cans, o da Picota, o da tapería do Centro do Viño, que están cos pregos de condicións. Son todos abertos? Non é por min –podo pedilo por rexistro-, senón polos cidadáns. Porque non foi aberto o contrato da rúa Corredoira? Por contía, téñeno sido outros de menos contía. Se a transparencia é ao 100%, tódolos procedementos deben estar pendurados no perfil do contratante. Á portavoz do PP, dille que tamén celebra o cambio de disposición para entenderse.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que uns contratos son abertos e outros pechados, como coas subvencións competitivas ou non. As cousas son segundo a cor do cristal co que se mira.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que agradece as palabras do BNG e a disposición a chegar a consensos. Onde a lei non distingue, segundo o portavoz do PSOE, non hai que distinguir, pero é bo que a xente coñeza non só o que di a lei. Volvemos ao espírito que debe inspirar a trasparencia.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que non é certo que non se cumpra coa normativa. Non se está ocultando, senón actuando segundo a lei. Non hai supresión de información. Non é aceptable a acusación ao Alcalde, e por ende aos técnicos. Votamos non polo espírito e pola forma. Temos informe dos técnicos de ter actuado segundo o art. 142 da Lei de Contratos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que co tono que se lle contesta, non é crible que non molesten as súas iniciativas. Se nada hai que ocultar, por que non poñen os pregos aínda que non estean obrigados? Agradecer a PP e a Esperta Monforte o apoio. E agradezo tamén o voto en contra, en sentido negativo tamén se queda retratado.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA DECLARAR MONFORTE DE LEMOS CIDADE LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Julia Rodríguez Barreira).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción, modificando "vila" por "cidade"-tamén no título dela-, di o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.
A cuestión do respeto cara os animais levou a cidadanía a demandar novas accións en diferentes eidos normativos. O uso de animais en espectáculos é, quizáis, un dos aspectos máis surrealistas que teiíen lugar no noso país, nomeadamente os circos,que ofrecen unha imaxe radicalmente distorsionada do que supón a fauna silvestre.

A vida destes animais nos circos caracterízase polo illamento, o castigo, o medo e o cativero.As exhibicións de animais nos circos ofrecen tamén unha mensaxe educativa negativa. Aínda que os espectáculos circenses non amasen conductas de violencia explícita á vista dos espectadores, os actos que os animais teñen que realizar durante toda a súa vida son antinaturais e para obligarlles *a comportarse* deste xeito *contrario a súa natureza sométense* a *violentos* métodos de adestramento baseados no castigo físico, a privación de alimento e ao illamento do resto dos seus conxéneres.

Os animais que viven nos circos están abrigados a permanecer o resto da súa vida privados de liberdade, atados. engaiolados ou encadenados en camións de traslado, negando calqueira posibilidade de satisfacción das súas necesidades etolóxicas e naturais. A natureza transitoria dos circos e a vida constante de confinamento, privación

de estimulación e frustación da fauna, conduce aos animais a estados neuróticos e comportamentos repetitivos "estereotipados", *como balancear a cabeza ou corpo, movementos circulares dentro das* gaiolas *e ata* automutilacións.

Estes trastornos psicolóxicos chegan a provocar reaccións violentas que poden causar graves riscos para as persoas en caso de accidente, extremo que sucedeu en numerosas ocasións ao longo dos últimos anos.

Un importante número de países e cidades de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos en base á súa protección e benestar,ao considerar que a súa exhibición e as condicións de vida supoñen unha crueldade, ao mesmo tempo que incrementan o tráfico ilegal de animais e a caza furtiva de especies protexidas.

Os circos usan aos animais como reclamo do público infantil. Cremos que os pequenos e pequenas deste país,a Sociedade do futuro,merecen unha educación baseada en valores que inclúan o respeto cara os seres vivos e o entorno.

Polo anteriormente exposto SOLICITAMOS

1. Que o Concello de Monforte de Lemos non autorice nen promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.
2. Declarar o Concello de Monforte de lemos Cidade libre de circos con animais.
3. Que o Concello de Monforte de Lemos non permita a instalación de publicidade de espectáculos circenses con animais no termo municipal.
4. Notificar este acordo á Xunta de Galicia,aos grupos do Parlamento de Galicia e a Asociación Animalista Libera."

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupos de Esperta Monforte e do BNG) e once votos en contra (Grupos Socialista e do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal de Esperta Monforte para declarar Monforte de Lemos cidade libre de circos con animais.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o texto é da Asociación Libera. Onde pon "vila", débese cambiar por "cidade".

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que cando era neno, esperaba con ilusión aquel circo que aquí chegaba. Fala dos diversos artistas do circo e de varios animais. Actualmente, hai ONGs que critican o uso dos animais e sacalos do seu hábitat. A Xunta de Galicia fixo unha lei de protección dos animais salvaxes en cautividade e dos animais domésticos. Non coincidimos en que isto

aumente o tráfico de animais. Hoxe hai control para que non procedan da caza ilegal ou furtiva. Algúns proveñen da reproducción no propio medio circense. Libera é unha asociación activa. A Xunta de Galicia modificou a lei citándoa, as sancións son finalistas en favor dos animais. Hoxe nos zoos hai un hábitat semellante ao propio natural.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di estar de acordo con esta moción. Concordamos co do alonxamento dos animais dos seus ámbitos naturais. Di moitos lugares que teñen aprobado isto; en Galicia, fixérono 23 Concellos de tódalas cores políticas. O Circo do Sol vive perfectamente sen animais. Conte co noso voto favorable.

De D.Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que estar de acordo se non o xeneralizamos, haberá que comprobar casos concretos. Poderiamos chegar a eliminar os zoolóxicos. Hai leis protectoras, tamén o Código Penal. O primeiro municipio que o prohibiu, Vigo, referiuse ás parcelas municipais, por razóns de salubridade pública. En Monforte, o circo ponse en parcelas privadas, ao abeiro de que normativa podemos prohibir a actividade? Hai que ver a actividade concreta, non facer estas declaracións xerais.

De Dna. Maribel García Díaz, que conta o caso dun circo que abandonou aos animais. Esta mesma moción, que non é de Esperta Monforte, senón da Asociación Libera, é a que se aprobou en varios lugares que di. Vive xente do circo, quen está en contra? Estase en contra do uso dos animais, pero o circo ten outras cousas.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que como a moción a presenta Esperta Monforte, entendemos que dese Grupo é. Ten ansia de prohibir e non autorizar, cando isto está protexido pola lei. Tamén no zoo hai animais en gaiolas. E os paxaros nas casas. Este Grupo está en contra desta moción, porque ninguén está obrigado a ir ao espectáculo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o circo instálase en propiedade privada, pero o Concello ten que autorizalo. Le a noticia do 27/11/2015 de que na cidade de Pontevedra tódolos Grupos aceptaron declarar a cidade libre de circos con animais, a iniciativa do PSOE, por unanimidade engadindo a declaración dos dereitos dos animais. O asunto tal vez reabra o debate das corridas de touros. Conte co noso apoio.

De D.Iban Torres Rodríguez, que di que porque se aprobe noutros sitios, non por iso hai que estar de acordo. Imos votar en contra. Hai un afán de prohibir, que é malo.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que vai dicir tódolos sitios nos que moción foi aprobada. Di un listado de Concellos, todos de Galicia. Non creo que sexan todos tan de prohibir. Pode parecerlle ben, mal ou regular o doutros sitios. Non me gusta prohibir, pero hai que ir cos tempos.

13. MOCIÓN, INSTADA POR UGT E CCOO, EN APOIO AOS OITO DE AIRBUS POLA DERROGACIÓN DO ART.315.3 DO CÓDIGO PENAL.

(No debate deste asunto auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e Dna. Pilar López Martínez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha modificación introducida tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"O exercicio do dereito de folga, cuxa condición de dereito fundamental non podemos obviar, foi e é exemplarmente democrático e pacífico durante as máis de tres décadas que se leva exercendo en múltiples ocasións baixo a forma de folgas xerais, sectoriais ou de empresa.

O recoñecemento deste dereito dos traballadores e traballadoras para a defensa dos seus intereses non é exclusivo do noso ordenamento xurídico: a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea inclúeo expresamente; o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais das Nacións Unidas garánteo, e así múltiples tratados e pactos internacionais recoñecen o dereito á folga como un dereito fundamental dos traballadores e traballadoras e das súas organizacións.

Desde a proclamación da Constitución española, xa atravesamos tres crises económicas e duros procesos de reconversión industrial, e o exercicio do devandito dereito caracterizouse por un uso responsable, sen que derivasen actuacións penais fronte a quen o exerce.

A utilización do artigo 315.3 do Código penal resulta inxustificada e desproporcionada, pois sitúa o dereito de folga nas prácticas do século xix, cando o seu exercicio era penado e perseguido. A participación en piquetes informativos é un dereito recoñecido na nosa lexislación: non é un delito e a identificación dos traballadores e traballadoras que nel participen non pode supor o risco de imputación dun delito castigado con penas de prisión. Máis de trescentas persoas foron procesadas. En numerosos dos casos xulgados, só se identifica as persoas que acreditaron a súa identidade motu proprio, coma no caso de AIRBUS.

Agora, os oito sindicalistas de AIRBUS procesados enfróntanse a un xuízo entre o 9 e o 12 de febreiro, coma se fosen delincuentes, acusados dun delito contra os dereitos dos traballadores e traballadoras e polo exercicio de folga. Pídense para cada un deles penas de prisión de oito anos e tres meses.

Desde o Concello de Monforte de Lemos, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

MANIFESTAMOS o noso apoio aos oito sindicalistas de AIRBUS, na confianza da súa honradez e no recoñecemento do seu longo labor durante anos, que reportou beneficios á empresa e ao conxunto de traballadores e traballadoras.
COMPROMETÉMONOS a utilizar todos os medios ao noso alcance para seguir defendendo o dereito de folga e o resto dos dereitos dos traballadores e traballadoras, así como a liberdade de expresión da cidadanía.
Ao mesmo tempo, **INSTAMOS** o Goberno de España a:
— Promover a través da fiscalía xeral do Estado que revise os cargos contra as persoas e sindicalistas que, coma neste caso, sexan xulgados por este artigo.
— Adoptar cantas iniciativas lexislativas sexan necesarias co fin de corrixir esta situación, entre elas a derrogación do artigo 315.3 do Código penal, en defensa da propia lexitimidade do Estado social e democrático de dereito."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que non intervén inicialmente porque di que quen a presenta debía defendela.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di non saber ben o que supón isto e como se presenta: moción? proposta? Le os acordos que se instan. Estamos a falar duns feitos do ano 2010, duns altercados de empregados de AIRBUS, con acusación contra eles. O que se trae aquí fala de dereitos e doutras cousas. Imos votar en contra, porque non estamos a falar do dereito de folga no marco da legalidade. Aquí é que se incorreu en delito contra o dereito de ir ao traballo, o que di o fiscal sobre os feitos agresivos dos acusados. Retirada de cargos? Vivimos nun estado de dereito, co espírito das leis que inspirou Montesquieu. Que se derrogue o art. 315.3? É dunha reforma de 2015 con penas máis favorables. É un artigo para defender a liberdade dos traballadores de ir a traballar. Non era un piquete informativo, senón impeditivo.

De Dna. Mª José Vega Buján, portavoz suplente do Grupo do BNG, que di que son feitos do ano 2010 na folga de AIRBUS. Non coñecemos a causa concreta. O relatorio do fiscal é unha das partes. Chama a atención que normas que teñen unha finalidade, cheguen a algo non desexable. Se o Código Penal está para protexer aos traballadores, desconcerta que poida haber unha condena de oito anos. Máis ou menos a metade dun homicidio; se é o que pretendía o lexislador, é unha barbaridade. É desproporcionado, por moito que fosen eses os feitos, comparativamente con outros delitos.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que concorda co que acaba de dicir o BNG. O fácil é botarlle a culpa ao máis débil. A folga é algo serio, primeiro porque non cobran o salario, e poden ocorrer este tipo de cousas. Eu fun xulgado por reivindicar a devolución da Cámara Agraria, e ao pouco devolveuse aos sindicatos. O actual goberno de España ten lexislado de forma excesiva sancionadora. Non parece fóra de lugar solicitar a retirada do artigo. Le o artigo 315.3 do Código Penal. Hai penas bastante máis baixas para xente que estafa millóns.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que foi Esperta Monforte a que trouxo a moción contra a lei mordaza. Concordo coa moción, aínda que descoñezo o asunto en profundidade. A desproporción é evidente. Por unha fiscalía que non quere á Infanta no banquillo, aínda que os xuíces dixeron que si. Que se revise esta pena desproporcionada.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que se pode examinar isto ou facer demagoxia. Deixemos o proceso a termo. "Que o goberno promova", e a división de poderes? Hai xente que exerce o dereito de folga sen problemas. Isto é máis favorable coa reforma de 2015. Sería derogar un artigo que defende os dereitos dos traballadores, hai límites tamén para o dereito de folga. Se se pide iso, é porque é un delito reiterado. Hai que ver imaxes de certas manifestacións e doutras cousas. Non apoiamos unha iniciativa así.

De Dna. Mª José Vega Buján, que di que non cre que este país desexe encher así os cárceres. Hai delitos de guante branco cos que é moi suave o Código Penal. O Goberno ten indultado de forma moi discutible. Para unhas persoas, por moi equivocadas que estean nunha folga, pedirlles oito anos é desproporcionado. Estamos de acordo como mínimo co segundo apartado desta proposta.

Do Sr.Alcalde, que di que en 2015 elevouse a pena de seis meses a un ano, non se baixou. Sobre a división de poderes, ahí casos dabondo nos que o Goberno dálle instrucións á Fiscalía. En todo caso, cámbiase *"Promover a retirada de todos os cargos contra as persoas e sindicalistas que, coma neste caso, sexan xulgados por este artigo"*, do texto presentado, por *"Promover a través da fiscalía xeral do Estado que revise os cargos contra as persoas e sindicalistas que, coma neste caso, sexan xulgados por este artigo."*

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

14. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.12.2015 a 25.01.2016.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de decembro de 2015 e o 25 de xaneiro de 2016.

15. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (son dúas do 30.12.2015) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta específicamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

16. ROGOS E PREGUNTAS.

Responde en primeiro lugar o **Alcalde** a unha **pregunta** pendente do **Pleno anterior**:

-Multas impostas en 2015: 525 sancións. Dous policías puxeron unha cada un. Un policía puxo 127. Outros puxeron cifras intermedias. Os motivos son variados.

Hai **un rogo e dúas preguntas do Grupo Municipal do BNG**, presentadas por rexistro con anterioridade ao Pleno. Son formuladas/o pola súa **portavoz, Dna.Pilar López Martínez.**

"PREGUNTAS SOBRE O PECHE DA TORRE DA HOMENAXE E A UTILIZACIÓN DOS NOVOS BAÑOS DO MERCADO GANDEIRO

Temos coñecemento que, dende o mes de outubro aproximadamente ata os nosos días, o edificio da Torre da Homenaxe, sinal de identidade da nosa cidade e monumento visitado por calquera persoa e turista que se achega á nosa cidade, está pechado para a súa visita. Circunstancia que, ao noso entender, non é de recibo en períodos de afluencia turística como puido ser o Nadal. Consideramos que non hai motivo para tal circunstancia, tendo en conta que non se alteraron as circunstancias que existían no pasado, no que ao persoal municipal se refire, e que co equipo de goberno anterior en temporada baixa abría as fins de semana e festivos, pechando unicamente dende o día posterior a Reis ata mediados-finais de febreiro, coincidindo co peche do Parador Nacional de San Vicente,

Por este motivo, este Grupo Municipal por carecer de información ao respecto, desexa preguntarlle ao Sr. Alcalde o seguinte:

Cal foi o motivo ou motivos que motivaron ao Sr. Alcalde a tomar a decisión de pechar tal edificio, emblema da nosa cidade, especialmente durante as datas de Nadal?

Por outra banda, tamén nos gustaría preguntarlle ao Sr. Alcalde, o motivo que existe para seguir mantendo pechados os novos baños da Feira que tradicionalmente se vén celebrando no Mercado Gandeiro das Lamas, despois de que a empresa adxudicataria xa rematase as obras de acondicionamento coa conseguinte redución de servizos para todas as persoas que acoden regularmente ao Campo da Feira, que non poden usar estas dependencias.

Á primeira pregunta, responde Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez, 1ª Tte. de Alcalde e Concelleira Delegada de Réxime Interior:

O motivo fundamental é a falta de persoal. Moitas veces tivo que ir vostede (cando gobernaba) a abrir e pechar. Estivo de baixa temporal, e agora por maternidade, a persoa que o facía, e están as limitacións legais para contratar. Estamos buscando solución para a apertura continuada todo o ano.

Á segunda pregunta, responde o Sr.Alcalde:

Ten razón que están pechados. Está pendente de que á empresa de limpeza se lle aumente isto tamén.

"ROGO PARA QUE O EQUIPO DE GOBERNO REALICE ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, COMEZANDO POLA PROPIA DEFENSA DO GALEGO.

*Como é ben sabido o día **24 de febreiro foi declarado Día de Rosalía**, polo que a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega fai unha convocatoria pública para levar a cabo actividades que permitan visualizar a obra da autora máis representativa da lingua e da literatura galegas, Rosalía de Castro, e do seu compromiso coa lingua.*
Nos tempos nos que vivimos e cos datos obxectivos dos que dispoñemos indican un alarmante descenso no uso do galego, resulta imprescindible, especialmente, para as xeracións máis novas que coñezan a obra de Rosalía e o seu compromiso coa lingua,para así, sumar todos os esforzos posibles para continuar o camino por ela iniciado para converter ao galego na lingua na que todos expresemos os nosos sentimentos e emocións,e en que desenvolvamos toda a nosa actividade profesional.
Por este motivo, este Grupo Municipal, desexa facer o seguinte rogo:
Que se leven a cabo diferentes actividades durante o mes de febreiro para promocionar a obra da nosa escritora, como poden ser: lecturas públicas da obra rosaliana, procurar espazos para realizar graffitis, murais, etc, mesas redondas e/ou conferencias sobre a obra e a figura da autora, e fomentar e promover o uso normalizado da nosa lingua galega".

Intervén a Concelleira Delegada de Cultura, Dna. Marina Douton Rajo:

Somos coñecedores desta data e faremolo na medida das nosas posibiliades.

- **Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte** formula as seguintes preguntas (as respostas que houbo foronse producindo de forma inmediata á súa formulación):

1) Pregunta por un panel na rúa Cardeal, se ten algún tipo de virus.
2) Pola subvención nominativa ao Museo de Arte Sacro, ofrecen as Clarisas algunha contraprestación ao Concello?
3) Cómo facer coa Torre da Homenaxe? (Ela mesmo di que está contestado ao BNG).
4) O mesmo co Colexio dos Escolapios. O Concello debe negociar para que poida ser visitado.
5) Vainos permitir estar nas mesas de contratación?

Respostas habidas do Sr.Alcalde:

1) Tomo nota e miramos.
2) É deficitario. Hai que axudalo. (A preguntante di que non fala de diñeiro; doutros horarios, por exemplo. Iso é negociable).
5) Naquilo que permita a normativa, si.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo a unha horas e dez minutos do seguinte día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS - SECRETARIA -